



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

BASES QUE REXERÁN O PROXEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE OITO POSTOS DE TRABALLO DE TRES PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS. PROGRAMA DE EXCLUSIÓN LABORAL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **TRES PEÓNS de limpeza viaria** do Concello de Cabana de Bergantiños.

Tendo en conta o Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2016 publicado no BOP núm. 75 do 21/04/2016 poderán participar nesta selección persoas que estén comprendidas en situacions de exclusión laboral.

No caso de que non se cubran os postos con persoas que se atopen en situacions de exclusión social, cubriranse con outros demandantes de emprego, segundo o resultado do proceso de selección dacordo á puntuación obtida na fase oposición e de concurso que se especifica nestas bases.

2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas, será de duración determinada a xornada parcial e cuxa duración no poderá exceder do 31/12/2016, segundo o artigo 5.1 do Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, e baixo a modalidade de obra ou servizo de interés social, ó abeiro do artigo 15.1.a) do R.D. Lexvo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (TRET), lexislación que lle será aplicable sen perxuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ó persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente a administración local.

A contratación vai dirixida con **carácter preferente** a persoas que se atopen en situacions de **exclusión laboral**, dacordo á base 3 do Programa de Integración Laboral que se reflicte na base 4 destas bases.

No caso de que non se cubran os postos con persoas que se atopen en situacions de exclusión social, cubriranse con outros demandantes de emprego, segundo o resultado do proceso de selección dacordo á puntuación obtida na fase oposición e de concurso que se especifica nestas bases.

As persoas a contratar deben estar en **situación de desempleo**.

Os aspirantes seleccionados formalizarán contrato a partires do 15/09/2016, momento no cal deberán de aportar informe actualizado dos periodos de inscripción na oficina do Servizo Público de Emprego a efectos de comprobar que se atopan en situación de desemprego no momento da formalización do contrato citado. De non se atopar na dita situación pasarase ao seguinte candidato por orde de puntuación e así sucesivamente.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Teléfax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

3.- CARACATERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Número de postos de traballo: **3 (tres)**
- Clase: persoal laboral temporal a xornada parcial (5.5 horas/día)
- Nivel de titulación mínimo esixido: Certificado de escolaridade ou equivalente.
- Denominación do posto: **peón de limpeza viaria**
- Funcións: Limpeza e mantenimento das vías municipais.
- Retribucións brutas: 557.38 €
- Duración da contratación: 3 meses.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a. Ser español ou española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou cónxuxe dun ou dunha español ou nacional de algún estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. Demais estranxeiros ou estranxeiras residentes legalmente en territorio español de acordo ó establecido na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.
 - b. Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ó posto de traballo.
 - c. Ter cumplidos os dezaoito (18) anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
 - d. Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
 - e. Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
 - f. Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.
- g) acreditar estar nalgunha das situacions de **exclusión laboral**, que son as seguintes:
- ❖ **Mulleres**, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - ❖ **Maiores de 45 anos**.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- ❖ **Pessoas con discapacidade:** aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Deberase aportar certificado médico que acredite esta circunstancia.
- ❖ **Pessoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacions:** drogodependencia (aportarase informe médico), vivir nun fogaronde ninguén teña emprego (aportarase volante de empadronamento e informe de periodos de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral), persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestiós socioculturais (aportarse volante de empadronamento e estarase ao que determine a Deputación Provincial ao efecto)
- ❖ **Parados de longa duración.** Para os efectos deste programa consideraranse como parados de longa duración aquelas persoas que levan máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego. Aportarase informe de periodos de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral)
- ❖ **Pessoas vítimas de violencia de xénero** (aportarase a resolución xudicial).

- h) **Ser demandante de emprego:** Aportarase informe de periodos de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizado

As persoas a contratar deben estar en **situación de desempleo**.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptaciós possibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demás participantes.

5.- CONVOCATORIA E INSTANCIAS

1.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse o modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **5 días hábiles**, contados desde o seguinte ó da publicación da convocatoria da respectiva praza no periódico "La Voz de Galicia" e na web do Concello (www.concello-cabana.com). As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

Na data de presentación de solicitudes, os e as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria. Os ou as aspirantes con alguma minusvalía deberán indica-lo na súa solicitud, e de ser o caso, solicitarán as posibles adaptaciós de tempo e medios para a realización das probas, de ser necesario.

As instancias dirixiranse ao alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello, sito en A Carballa s/n, Cesullas, 15115 Cabana de Bergantiños, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, e deberá ir inexcusablemente acompañada da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente autenticada:

- a) Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballeira, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.

- b) De ser o caso, certificación da condición de discapacitado e grao de minusvalía.
- c) Certificado de escolaridade ou equivalente.
- d) Solcitude de adaptación das probas por motivos de minusvalía.
- e) Documentación que acredite que se atopa nunha situación de exclusión laboral segundo a cláusula 4 destas bases.
- f) Acreditación da situación de desempregado aportando un informe actualizado de periodos de inscrpción do Servizo Público de Emprego.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista** provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello, así coma na páxina web municipal. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 4.e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Tódolos e tódalas vogais deberán posuir a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O Presidente do Tribunal poderá disponer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán abstirse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias establecidas no citado artigo 28 da Lei 30/1992. Así mesmo, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no artigo 29 da mesma lei.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O Tribunal non se poderá constituir nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e da Secretaria.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demáis aspirantes.

As decisións adoptaranse por maioria de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as gratificacións correspondentes segundo o disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, cando as probas se desenvolvan íntegramente fóra da xornada de traballo habitual.

7.- SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O procedemento empregado para a selección dos e das candidatos/as, será o de oposición, consistente en:

Fase de concurso: (puntuación máxima: **4 puntos**). Por ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas, do seguinte xeito:

- de ata 20 horas de duración (ou sen especificar a duración): 0.50 puntos.
- de 21 horas a 40 horas de duración: 1 punto
- de 51 horas a 80 horas de duración: 2 puntos.
- de 81 horas a 100 horas de duración: 3 puntos.
- de 101 horas en diante: 4 puntos.

Fase de oposición: (Puntuación máxima: **6 puntos**):

Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica determinada polo Tribunal de selección, de duración máxima de dez minutos, que estará relacionada co posto de traballo a cubrir e funcións a desenvolver, concretamente co manexo de utensilios e maquinaria de limpeza esixible a un capataz de limpeza e medidas de seguridade.

8.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO

Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no exercicio práctico, detallando a puntuación obtida en orde decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a de máis longa duración como desempregado.

A resolución nomeando aos candidatos e candidatas seleccionados será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e páxina web municipal.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Concederase un prazo de tres días hábiles dende a resolución de nomeamento para que os candidatos presenten:

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- Copia compulsada co número de afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.

Os aspirantes seleccionados formalizarán contrato a partires do 15/09/2016, momento no cal deberán de aportar informe actualizado dos periodos de inscripción na oficina do Servizo Público de Emprego a efectos de comprobar que se atopan en situación de desemprego no momento da formalización do contrato citado. De non se atopar na dita situación pasarase ao seguinte candidato por orde de puntuación e así sucesivamente.

En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algúnhha.

9.- NORMA FINAL

Estas bases, a súa convocatoria e cuntos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos caso e na forma establecida pola Lei de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común e na Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Cabana de Bergantiños 01 de xullo de 2016.

O alcalde,

Asdo.- José Muíño Durán

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
A CORUÑA